

## **ACTA DA REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VIGO CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO**

### **ASISTENTES**

**Presidente:** D. Pablo Viaño Lorenzo,  
subdirector xeral do Patrimonio

**Vogais:** Dna. María Teresa Hermo Mato,  
xefa do servizo de Fiscalización e  
Contabilidade da Intervención Delegada da  
Consellería de Facenda e Administración  
Pública

D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Mujico,  
asesora xurídica da Consellería de Facenda  
e Administración Pública

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral de  
Colocación

**Secretario:** D. Ignacio M<sup>a</sup> García de los  
Huertos y Vidal, xefe do Servizo de  
Administración e Xestión Patrimonial

En Santiago de Compostela, a *15 de novembro de 2021, sendo as 11:00 horas*,  
reúnense na sala de Xuntas do edificio  
administrativo de San Caetano, a mesa de  
contratación composta polos membros que  
á marxe se relacionan, para a avaliación  
previa da documentación presentada ao  
concurso.

Iníciase o acto polo sr. presidente dando lectura á certificación expedida polo rexistro xeral da Xunta de Galicia na que se indica que dentro do prazo de presentación de ofertas, que rematou o luns, 8 de novembro de 2021, non consta a entrada de ningunha oferta económica en relación co presente concurso de compra.



Por todo o anterior, ao non contar con ningunha oferta, *a Mesa de contratación, por unanimidade dous seus membros, propón declarar deserto* o procedemento de compra por concurso público dun inmovible no concello de Vigo destinado a oficina de emprego.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 11:05 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

**O presidente**

Pablo Viaño Lorenzo

**O secretario**

Ignacio Garcia de los Huertos Vidal

**O subdirector xeral de Colocación**

D. Jesús Sanjurjo Paz

**A interventora delegada**

Dna. Teresa Hermo Mato

**A asesora xurídica**

María del Carmen Rodríguez Mujico

